

DIA MUNDIAL DA SIDA 2013

O pasado 1 de decembro celebrouse o Día Mundial da Sida. Con tal motivo sinalar que, en Galicia, a incidencia da infección polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH) é estable, segundo os datos do Informe VIH-sida en Galicia 2004-2012 [1], pero que ao aumentar a calidade e expectativa de vida dos afectados, cada vez temos un maior número de persoas infectadas.

As consideracións máis importantes a ter en conta son que a práctica de risco máis asociada coa transmisión da infección polo VIH son as relacións sexuais non seguras, sobre todo entre homes que teñen sexo con outros homes (HSH), e que temos un importante atraso no diagnóstico da infección [1] polo que é necesario resaltar a importancia da detección precoz da infección por este virus.

Galicia presenta un diagnóstico tardío (DT) de infección polo VIH dun 46% (DT: paciente con cifras de CD4 inferior a 350 células/ μ l na primeira determinación da súa infección polo virus) [1], o que supón que case a metade das persoas

infectadas eran xa susceptibles de estaren a tratamento antirretroviral, segundo as pautas actuais de tratamento contra este virus.

Isto indícanos que, a pesares dos grandes avances na abordaxe da infección polo VIH-sida, hoxe en día unha proporción moi importante de persoas afectadas non se benefician das vantaxes do diagnóstico precoz en termos de ganancia en cantidade e calidade de vida, ademais da prevención da transmisión a outras persoas. Así pois, a promoción do diagnóstico precoz entre as persoas con prácticas de risco debe ser unha actividade prioritaria para a prevención e control da infección polo VIH na nosa comunidade e, neste sentido, o persoal sanitario da atención primaria de saúde é fundamental para acadar ese diagnóstico precoz.

Por último, resaltar a mensaxe de que o preservativo segue a ser a ferramenta máis importante para ter unhas relacións sexuais nas que non se transmita o VIH.

COMEZO DA ONDA ANUAL DO VIRUS SINCICIAL RESPIRATORIO EN GALICIA

O virus sincicial respiratorio (VSR) é un virus respiratorio que se transmite por contacto e gotas, e produce fundamentalmente enfermidade febril nas vías respiratorias superiores, que en ocasións cursa con bronquiolite, pneumonía, bronquite, crup, ou otite media. É o principal patóxeno das vías respiratorias nos dous primeiros anos de vida, e afecta tamén aos adultos, en especial aos anciáns.

Este virus ten un comportamento en onda, o que permite identificar cal é o período con maior risco de infección e, indirectamente, de ingresar por bronquiolite, xa que este virus da conta da meirande parte dos ingresos por esta enfermidade. Neste contexto, e dende un punto de vista clínico, coñecer cando comeza a onda podería ser de axuda para o diagnóstico, sempre que se dea en tempo real.

Con este obxectivo púxose en marcha un sistema de vixilancia do VSR, do que se informa na [web da DXIXSP](#).

Como se recolle no [informe](#) publicado na dita web, os datos empregados nesta vixilancia, aínda que son de catro hospitais

(CHUO, CHUAC, CHUVI e CHOP), axústanse ben aos ingresos por bronquiolite no conxunto de Galicia (Apéndice) e permiten identificar a onda anual de VSR, que sistematicamente comeza cando o 10% das mostras nas que se estuda son positivas.

Dependendo da tempada, esta positividade mantense por riba deste nivel entre catro e sete semanas, nas que en Galicia se producen o 90% dos ingresos por bronquiolite debida a VSR e o 80% dos ingresos por bronquiolite de calquera etiloxía, ambas as dúas en menores de 5 anos.

Na semana que rematou o 24 de novembro (semana 47/2013), superouse por primeira vez nesta tempada o nivel do 10% de positividade, polo que se considera que xa comezou a onda.

A súa evolución pódese seguir na páxina [web da dirección xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública \(DXIXSP\)](#), que se actualizará os mércores cos datos da semana inmediatamente anterior.

MODIFICACIÓN DA REDE GALEGA DE VIXILANCIA EN SAÚDE PÚBLICA

No Diario Oficial de Galicia do pasado 3 de decembro, publicouse o decreto 174/2013 que modificou o 177/1989, polo que se creou a Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública, que é o marco que engloba as diferentes estruturas de natureza informativa (epidemiolóxica, alimentaria, ambiental, etc) das que se sirve Saúde Pública para deseñar e avaliar as súas intervencións.

A modificación consiste na incorporación á Rede do Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia (SAEG). Trátase dun paso obrigado para poder publicar a orde que modificará a declaración obrigatoria de enfermidades en Galicia, despois de case dous anos de proba no sistema público [[Venres](#)], cun resultado moi positivo dende o punto de vista da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

COMEZO DA ONDA ANUAL DO VIRUS SINCITAL RESPIRATORIO EN GALICIA

Número de ingresos por bronquiolite debida a VSR (BQL-VSR) e por bronquiolite debida a outro organismo infeccioso (BQL-OOI) en menores de 5 anos e en Galicia, xunto á porcentaxe de mostras positivas para VSR en catro hospitais de Galicia, por semana da tempada 2008/09 á 2012/13.

